

## **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL (TRANSPORTE 065 SOCIAL)**

---

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Familiares de enfermos de Alzheimer e outras Demencias do concello de Monforte, integrados na asociación AFAMON, trasladáronlle ó alcalde as súas queixas sobre o **Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal** (Transporte 065 Social).

Segundo nos manifestaron, dende inicios do ano 2010 contan coa prestación do **Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal** (Transporte 065 Social), para que os seus familiares acudan diariamente, e durante tres horas, ós Obradoiros de Estimulación Cognitiva e Psicomotricidade que dende hai uns anos leva a cabo AFAMON (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Monforte de Lemos- Lugo).

Estes obradoiros, ademais de ser unha actividade terapéutica que optimiza as capacidades cognitivas, condutuais e funcionais das persoas que as realizan, tentando manter a máxima autonomía posible, ofrecen ós cuidadores familiares dos afectados por estas doenzas a posibilidade de dispoñer de tempo de necesario descanso. Descanso que resulta imprescindible para que poidan dedicarlle ós seus familiares unha mellor atención e coidado, ardua tarefa debido á sobrecarga física e mental que supón estar ó cargo dunha persoa dependente durante as 24 horas do día, 365 días ó ano.

Dende o inicio da prestación deste servizo de transporte adaptado por parte da Xunta de Galicia, non se está a respectar o horario de entrada solicitado por parte dos familiares afectados (ás 10:30 da mañá), pois na maioría dos casos os enfermos chegan ó lugar de realización das actividades (Edificio Multiusos) entre as 11:15 e as 11:45 horas.

No pasado mes de outubro estes familiares remitíronlle unha carta á responsable da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar, D<sup>a</sup> Coro Piñeiro Vázquez, informándoa desta situación, expresando o seu descontento co funcionamento do citado servizo, e solicitando unha revisión dos horarios de chegada ó centro onde os usuarios realizan as actividades.

Na primeira semana de xaneiro de 2012, recibiron contestación ás súas queixas mediante un escrito asinado pola Secretaria Xeral de Política Social, D<sup>a</sup> Coro Piñeiro Vázquez. Neste escrito, segundo a información da que dispoñen no Centro de Control, négase que todos os usuarios cheguen en todo momento máis tarde das 11:00 horas, afirmase que os traballadores de AFAMON están de acordo co horario establecido, e indícase que para lograr unha maior eficiencia do servizo, resulta necesario establecer rutas que posibiliten o transporte dun maior número de usuarios nun mesmo vehículo, polo que non sempre se pode axustar o horario solicitado ó ofertado.

Os familiares e os traballadores de AFAMON consideran que nesta resposta da Secretaria Xeral de Política Social maniféstanse tres falsidades, constatando que :

*Primeiro:* Nunca, ou moi excepcionalmente, os usuarios chegan antes das 11:00 horas ó centro de actividades, pois na maioría dos casos esa é a hora prevista para recollelos nos respectivos domicilios.

*Segundo:* os traballadores de AFAMON foron os primeiros en denunciar esta situación, informando ós propios condutores dos vehículos e mostrando o seu apoio ós familiares para buscar unha solución axeitada, chegando a propoñer a modificación dos horarios das actividades para adaptalos mellor ós horarios do transporte.

*Terceiro:* as rutas non se realizan en función do número de posibles usuarios, xa que unha usuaria de Quiroga vén soa cando, segundo esta forma de organización, podería recoller a varios usuarios ó seu paso pola vila de Monforte. Outro usuario fai a viaxe de volta só nun único vehículo cando podería ir co resto de compañeiros.

Actualmente estanse a utilizar tres vehículos (24 prazas en total) para trasladar a seis persoas que teñen solicitado o servizo e, aínda así, non se cumpren os horarios previamente establecidos.

O incumprimento reiterado dos horarios solicitados ten consecuencias negativas non só para os propios usuarios, que perden aproximadamente unha hora de terapia cognitiva, senón tamén para os familiares e os traballadores de AFAMON.

Por outra banda, o incumprimento dos horarios é contraproducente para os enfermos/as xa que, unha vez que teñen unha rutina establecida (neste caso acudir ás actividades de AFAMON) non resulta conveniente introducir nela demasiadas modificacións posto que, debido á enfermidade que sofren, séntense desconcertados e ansiosos (por exemplo: se teñen a rutina de saír tódalas mañás da casa a unha determinada hora, o máis probable e que o queiran facer o antes posible, resultándolle moi difícil esperar máis tempo do normal).

Este desaxuste nos horarios tamén afecta ós familiares, ós que se lle reduce o necesario tempo de respiro que lle proporcionan as actividades, e ós traballadores de AFAMON, ós que se lles dificulta o traballo diario á hora de programar as actividades.

Como consecuencia da non prestación do servizo nas horas solicitadas, algúns dos familiares deciden acompañar ó usuario polo seus propios medios ata o local de actividades, nalgún caso camiñando entre 2 e 3 quilómetros, e noutros trasladando en vehículo particular logo de traballar durante a noite anterior e sen o descanso necesario do familiar cuidador.

**Por todo o anteriormente exposto, propóñolle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte**

**ACORDO**

1º.- Que o Pleno da Corporación Municipal lle traslade as necesidades anteriormente expostas ó responsable político con competencia na materia da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

2º.- Facultar ó Alcalde, ou persoa en quen delegue, para que realice as xestións oportunas coa finalidade de solicitar unha entrevista persoal coa Conselleira de Traballo e Benestar, co obxectivo de buscar a mellor solución para as partes implicadas no problema causado polo desaxuste dos horarios do transporte 065 social.

Asdo: Severino Rodríguez Díaz

Alcalde do Concello de Monforte

Monforte de Lemos a 20 de xaneiro do 2012